



PLAN DIXITAL

EEI O GRUPO

[Versión 1.0, 2 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

EEI O GRUPO

Código de centro 36014982

R/ Concepción Arenal, 40, 36900 Marín (Pontevedra)

eei.ogruppo@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eeiogruppo/>

Escola específica de Educación Infantil

59 alumnos/as, 6 mestras

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

ESTRUTURA ECONÓMICA

Marín basea a súa economía no porto. A pesca é a súa actividade económica principal, sendo o seu porto o máis importante a nivel rexional (o primeiro de Galicia en capturas, por diante do de Vigo e do da Coruña) e con importancia a nivel nacional, cun tráfico de 2 millóns de toneladas no ano 2002. O seu porto é louvado polo seu gran calado e facilidade de atraque, o que o fai preferido para atracar en situación de forte temporal. Conta cunha flota pesqueira de 1ª magnitude na súa modalidade de arrastre con numerosos conxeladores de gran radio de acción. É porto piloto da CEE na pesca de rape. Ten unha importante actividade no desembarco de pescada, ollomol e xurelo. Dispón de importantes plantas de conxelado de gran capacidade, así como estaleiros de construción de buques de aceiro de grande tonelaxe. O seu porto comercial, con calados de ata 14 m. en liña de atraque, conta con monumentos de buques mercantes e de cabotaxe e atópase en período de ampliación das súas instalacións.

A maior parte das empresas sitúanse no sector servizos, en concreto no apartado de comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico. O sector da construción tamén engloba un volume relevante. E, finalmente, a industria só é manufacturera.

A porcentaxe de poboación dedicada á agricultura é de un 16,2%.

ESTRUTURA SOCIAL

ORGANISMOS ADMINISTRATIVOS:

- O CONCELLO. Composto por 21 concelleiros/as, é presidido pola alcaldesa. A Corporación Municipal organízase en Pleno e en comisións. Ten os seguintes servizos: policía local, limpeza, alumeadado, rede de sumidoiros, construción e arranxo de rúas, mantemento de edificios escolares, servizos sociais, animadores socio-culturais e outros.

- Cuartel da Garda Civil.
- Comisaría da Policía Nacional.
 - Xulgados. Marín é cabeceira do partido xudicial e conta con dous xulgados de 1º instancia e instrución.
 - Confraría de pescadores Santa María do Porto.

COMUNICACIÓNS: correos e telégrafos.

RESIDENCIA DA 3ª IDADE: dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

SANIDADE:

- Centro de saúde.
- Farmacias. En todo o concello hai 9 establecementos.

CENTROS DE ENSINO:

- IES Chan do Monte, Mestre Landín e Illa de Tambo.
- CEP O Sequelo.
- CEIP Ardán, Carballal, a Laxe, Seixo.
- EEI Nosa Señora do Carme e O Grupo.
- ESMU Mestre Landín Pazos.
- CPR A Inmaculada e San Narciso.
- Gardería municipal e varias privadas.

A nosa escola está adscrita ao centro de primaria CEP O Sequelo.

Hai que ter en conta que é un centro específico de segundo ciclo de Educación Infantil, con alumnado de 3 a 5-6 anos que non ten que saber ler nin escribir, o que limita a súa autonomía á hora de acadar novas aprendizaxes a través da lectura.

Todo o que coñecen é a través da manipulación e do contacto directo. Neste sentido, o centro ten un Proxecto de TICs no que o alumnado ten acceso a un IPAD en cada clase, ademais de aos PCs da aula de TICs e as PDI da súa aula e da anterior.

Durante os dous últimos cursos, por mor da pandemia e das dificultades para hixienizar periféricos de uso compartido (ratos, micrófono, auriculares de diadema, ...), este proxecto estivo en parte detido e hai que volver a desenvolverlo a raíz do PD que nos ocupa.

O centro non participa en programas de innovación, pero faino cada curso en proxectos de formación en centro.

Na PXA do curso 2022-2023 recolleranse os obxectivos que o PD establece para este curso. Igualmente, na formación do profesorado no centro procurárase que teñan relación co mesmo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa na que se fundamenta este Plan Dixital de centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Este documento foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital na última semana do mes de maio, seguindo as indicacións dadas pola Consellería a través dun documento colgado na aula virtual do Plan Dixital e previa análise da situación na que se atopaba o noso centro en relación ao uso das TIC.

Por iso no mes de decembro o claustro respondeu a enquisa SELFIE, unha enquisa que nos permitiu coñecer como se empregaban as tecnoloxías dixitais no noso centro así como a través dos resultados obtidos reflexionar sobre como podería mellorarse a súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe.

No mes de febreiro o claustro respondeu o test CDD, Test de Competencia Dixital Docente, a través da plataforma Fprofe co fin de coñecer a competencia dixital dos docentes e poder tomar decisións de formación para o vindeiro curso.

Xa en marzo elaboramos o informe DAFO, Análise e diagnose da situación dos centros, no que a través da reflexión sobre os resultados do informe SELFIE e do test CDD analizamos os factores externos (administración, contorna, ...) e os factores internos (equipo directivo, claustro, equipamento...) que determinan as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades dixitais do noso centro.

A partir da análise de toda a información anterior no mes de maio o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reuniuse para determinar os obxectivos SMART co fin de mellorar o uso das TIC no noso centro así como, a competencia dixital docente e do alumnado para o vindeiro curso, así pois ademais estableceuse o Plan de acción, isto é os indicadores de cada obxectivo, os responsables ou as accións a desenvolver.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Atendendo a infraestrutura dixital o centro conta coa infraestrutura de datos (conectividade a internet), a infraestrutura de voz (telefonía) e as conexións cableadas necesarias para o seu bo funcionamento e o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, se ben, nalgunhas ocasións xorden problemas puntuais de conectividade que se solucionan a través do servizo da UAC.

En canto ao equipamento cabe diferenciar os seguintes dispositivos tecnolóxicos cos que o centro conta para o desenvolvemento das funcións docentes:

- Dúas cámaras de fotos dixitais e 1 cámara de vídeo full HD.
- Seis pantallas dixitais cos correspondentes programas (Smart Notebook ...).
- Dúas impresoras: unha no despacho de dirección e outra na sala de mestres.
- Dúas fotocopiadoras, unha colocada na sala de mestres e outra no departamento de orientación cos seus correspondentes drivers.
- Trece ordenadores de sobremesa e 14 portátiles cos seus correspondentes drivers e sistemas operativos.
- Un ordenador, en cada aula con conexión internet para motivar e reforzar aos nenos e nenas na súa aprendizaxe.
- Tres Ipads, un en cada aula de titoría.
- Dous reprodutores de DVD, un deles con conexión a un equipo de son con dous altosfalantes, situados no ximnasio.

Xa por último en relación aos servizos dixitais educativos o centro conta con páxina web propia, blogue dentro da mesma e aplicación Abalar como servizos corporativos así como co emprego puntual da aplicación ClassDojo para avisos puntuais ou lembrar información como servizo non corporativo.

O mantemento dos equipos do centro fanse por medio dunha empresa externa, con cargo aos gastos de funcionamento do centro. Por ser un centro pequeno e con pouco orzamento, o mantemento faise cando é preciso, e non de xeito regular. Algunha vez pasou unha persoa da Consellería a algún problema puntual.

Cando o mantemento é da rede e da wifi, é a UAC a que se encarga de mandar o persoal axeitado, previa apertura de incidencia.

Por ser un centro específico de Educación Infantil non contamos con outros protocolos a maiores do Plan Dixital do centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE:

No curso 2021-2022 levouse a cabo no centro unha autoavaliación empregando a ferramenta SELFIE, que mostrou os seguintes resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	0				
	Profesorado	2,1				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	0				
	Profesorado	1,8				
	Alumnado					

Test CDD:

No curso 2021-2022 levouse a cabo no centro unha autoavaliación por parte do profesorado da súa competencia dixital usando a ferramenta test CDD. Mostrou os seguintes resultados:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	4	100%
PROVISIONAL	1	1	0%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
49,3	<u>Explorador/a (A2)</u>	76,4	<u>Integrador/a (A1)</u>

2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>49,8</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	68,2	<u>Integrador/a (A1)</u>

2.4. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	16,7%
A2	3	50%
B1	2	33,3%
B2	0	0%
C1	0	0%
C2	0	0%
TOTAL	6	100%

Non foron empregadas outras fontes para a análise DAFO.

2.5. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o Test CDD o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital coñecemos as seguintes fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do centro.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Existencia de dispositivos dixitais actualizados a disposición do claustro. Acceso á rede en todas as aulas. 	1. Non existe unha asistencia técnica cando xorden problemas coas TIC.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Debátase sobre o emprego das TIC nas aulas e no centro. Búscanse e empréganse diferentes dispositivos (tableta, robot, PDI...), así como recursos educativos en liña. Utilízanse as TIC para mellorar a motivación do alumnado, así como adaptarse ás súas necesidades. 	<ol style="list-style-type: none"> Exceso de burocracia e falta de tempo para levar a cabo máis propostas TIC. A creación de recursos en liña é desigual entre o profesorado debido ao nivel de competencia dixital.

	PERSOAL NON DOCENTE	1. O conserxe ten coñecementos TIC a nivel usuario e disposición para colaborar no seu mantemento cotiá.	1. O conserxe está tan só unhas horas no centro durante a xornada.
	ALUMNADO	1. No centro contamos con equipos informáticos que se poden por a disposición do alumnado e as súas familias en caso de confinamento.	1. Debido á idade e ás características psicoevolutivas do noso alumnado, este non pode empregar de maneira autónoma as TIC para a avaliación, o traballo colaborativo, a elaboración de proxectos...
	FAMILIAS	1. O claustro ponse a disposición das familias para asesoralas no manexo das TIC, empregándose estas como vía de comunicación familia-escola.	1. O nivel de competencia dixital das familias do noso alumnado é medio-baixo.
	OFERTA	1. Cóntase co apoio do equipo directivo e o claustro á hora de probar novas formas de ensinanza coas TIC, así como levar a cabo programas de formación.	1. O itinerario formativo do noso PFPP en relación ás TIC, que trata de axudar ao desenvolvemento do Plan Dixital, demorouse no tempo debido ós prazos establecidos para o mesmo e non nos está axudando a mellorar o noso labor docente.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. O profesorado do centro está comprometido coa formación en prol das TIC levando a cabo un PFPP.	1. Ata o momento non dispoñemos dunha estratexia dixital a nivel de centro nin de mecanismos de avaliación da mesma.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A Consellería está interesada no desenvolvemento dun Plan Dixital nos centros así como en mecanismos de formación e mellora da competencia dixital docente.	1. Os mecanismos de avaliación empregados para a realización do Plan Dixital non están adaptados á etapa de Educación Infantil.
	LEXISLACIÓN	1. Dispoñemos dun marco común de actuación a nivel autonómico.	1. Na etapa de Educación Infantil tan só se considera como obxectivo a aproximación ás TIC por parte do alumnado.
	CONTORNA	1. As familias teñen ganas de participar e colaborar nas propostas do centro, ademais ao tratarse de alumnado de Educación Infantil teñen moito contacto co centro.	1. É a primeira vez que o alumnado está escolarizado nun centro educativo non tendo moitas familias contacto previo coas TIC que se empregan para a comunicación e colaboración familia-escola.
	ANPA	1. Neste momento contamos cunha ANPA moi dinámica e colaborativa.	1. Ao ser unha EEI a ANPA renóvase constantemente.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Establecemos mecanismos de colaboración co centro ao que estamos adscritos, enviándonos vídeos arredor das diferentes conmemoracións.	1. O centro conta con escasos recursos humanos para poder establecer máis mecanismos de colaboración con outras entidades.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora que poidan xurdir, este Plan de Acción trata de ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital, se descoidar como estes poden mudar para o vindeiro curso no que, por exemplo, haberá cambios no equipo docente.

Asemade pretendese que os obxectivos supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, pero tamén tendo en conta como o catálogo dos mesmos pode estar en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Por ser o noso un centro específico de educación infantil, e tras a elaboración da análise DAFO, consideramos que as nosas propostas de mellora van encamiñadas cara á formación docente, o emprego de recursos dixitais na aula, a mellora na comunicación coas familias e á actualización dos dispositivos dixitais da biblioteca. Porén, establécense catro obxectivos para o curso que ven, tal e como deixamos reflectidos nas seguintes táboas, que abranguen os indicadores de logro, os valores de partida e de chegada, a temporalización para cada un deles e os recursos que empregaremos para a consecución dos mesmos.

Área/s de mellora: Pedagogía, implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 1:	Mellorar a competencia dixital do profesorado.				Acadado	
Responsable:	Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Emprego das TIC por parte do profesorado nalgunhas rutinas.					
Valor de partida:	Arredor do 50% profesorado emprega as TIC nalgunhas actividades da aula.					
Valor previsto e data:	O 67% emprega as TIC nalgunhas actividades da aula.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo.	Coordinador ciclo	30/09/2022	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación continua do profesorado.	Coordinador TIC Profesorado	31/03/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Reunión de intercambio de experiencias.	Equipo de ciclo	28/04/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Incluír actividades nas rutinas nas que se empreguen as TIC.	Profesorado	20/06/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (C)						
OBXECTIVO 2:	Promover a comunicación coas familias mediante o uso de Abalar.				Acadado	
Responsable:	Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Emprego da ferramenta Abalar.					
Valor de partida:	Arredor do 60% das familias empregan a ferramenta Abalar.					
Valor previsto e data:	O 80% das familias empreguen a ferramenta Abalar.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Informar e axudar ás familias que se incorporan por primeira vez ó centro sobre o uso da Abalar na entrevista inicial.	Profesorado	30/09/2022	Ordenador ou dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Informar e axudar ás familias de 5º y 6º de E.I. sobre o uso de Abalar na reunión de principio de curso.	Profesorado	30/11/2022	Ordenador ou dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Potenciar o uso de Abalar mediante o envío de notificacións periódicas.	Dirección	21/06/2023	Ordenador ou dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía, apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 3:	Crear recursos dixitais para empregar na aula.				Acadado	
Responsable:	Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de recursos dixitais creados.					
Valor de partida:	1 Recurso creado.					
Valor previsto e data:	3 Recursos creados.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación dun grupo de traballo.	Coordinador ciclo	30/09/2022	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Formación continua do profesorado.	Coordinador TIC Profesorado	31/03/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Reunión de intercambio de experiencias.	Equipo de ciclo	28/04/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de E.I.	Profesorado	21/06/2023	-Humanos, en colaboración co CFR (relatores...) -Materiais (equipos informáticos, software, funxible...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 4:	Pór en marcha os dispositivos dixitais da biblioteca.				Acadado	
Responsable:	Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Equipos informáticos en funcionamento.					
Valor de partida:	Arredor do 25% dos dispositivos dixitais da biblioteca están actualizados.					
Valor previsto e data:	O 60% dos dispositivos dixitais estean actualizados.			15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Determinar as necesidades dos equipos dixitais para a súa posta en funcionamento.	Coordinador TIC	30/09/2022	Dispositivos dixitais do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar os software que sexan necesarios para o funcionamento dos dispositivos dixitais.	Coordinador TIC	15/12/2022	Dispositivos dixitais do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

NECESIDADES DE MELLORA		FINALIDADE
1	Renovar os equipos informáticos (5 PCs marca DELL e 3 portátiles ACER) da Biblioteca de uso do alumnado. Teñen ata 15 anos.	Mellorar a fluidez das aplicacións. Cólganse ou van moi lentas
2	Substituír, de xeito progresivo, os proxectores e PDI das aulas por pantallas dixitais interactivas. Por dous motivos: a anclaxe dos proxectores está feita nun teito a máis de 5 metros de altura e as PDI están moi preto do chan pola escasa altura do alumnado. Isto provoca sombras moi molestas que ás veces impiden o traballo.	Permitir que o alumnado poida traballar sen sombras e con máis posibilidades de creación de matriais, sen necesidades de andar calibrando as PDIs cada pouco tempo porque se moven os proxectores.

Para a consecución dos obxectivos propostos, en principio temos os dispositivos dixitais precisos, se ben a práctica totalidade dos equipos teñen moitos anos e quedaron desactualizados. Sería conveniente a modernización dos máis antigos, xa que os novos programas precisan de máis capacidade.

Asemade, un dos nosos obxectivos no PD é a actualización dos equipos máis antigos da Biblioteca, polo que pode xurdir a necesidade de ter novos drivers ou programas.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, é o seguinte:

- Levarase a cabo unha avaliación procesual, que será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar serán os incluídos na táboa de cada un dos obxectivos, isto é: valoración de acción e análise e valoración dos resultados, co fin de levar a cabo os axustes necesarios para o seu desenvolvemento e mellora.

- Asemade levarase a cabo unha avaliación final a través da memoria de final de curso, na que se incluírán aspectos como a valoración do logro dos obxectivos previstos e as propostas de mellora para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será difundido á comunidade educativa a través da páxina web corporativa do centro, nun apartado que se creará para o mesmo.

Igualmente estará en formato analóxico na dirección do centro.